

Área de Xustiza Social e Coidados
105/2019/1298

Asunto

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO DESTINADAS A ACTIVIDADES OU PROXECTOS DE INTERESE SOCIAL DO EXCMO CONCELLO DA CORUÑA. EXERCICIO 2019.- PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS.-

Ref. BDNS (Identificación): 447938
Expte. Unidade Xestora: 105/2019/1298

ANUNCIO SOBRE CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO DESTINADAS A ACTIVIDADES OU PROXECTOS DE INTERESE SOCIAL DO EXCMO CONCELLO DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2019 E APERTURA DE PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES DE AXUDA

ANEXO

ANUNCIO A PUBLICAR NO TABOLEIRO DE EDICTOS E SEDE ELECTRÓNICA

Título: XUSTIZA SOCIAL E COIDADOS. Publicación da convocatoria específica de subvencións para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social do Excmo Concello da Coruña para o exercicio 2019.

Coa finalidade do coñecemento xeral pola cidadanía, e en particular, polas persoas solicitantes e beneficiarias, publícase no Taboleiro de Edictos do Concello da Coruña a seguinte INFORMACIÓN:

Mediante resolución núm.: RES/AYT/4879/2019, de data 02.04.2019, aprobouse convocatoria específica de subvención en réxime de concorrencia competitiva a entidades sociais sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social, exercicio 2019.

O extracto deste acordo da Xunta de Goberno Local foi publicado mediante anuncio no BOP da Coruña núm. 68 de 09.04.2019, coa seguinte referencia: BDNS 447938. Pódese consultar dito anuncio na seguinte dirección electrónica:

http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2019/04/09/2019_0000002630.pdf

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias>

Publicado o extracto da Resolución da Terceira Tenente Alcalde, responsable da Área de Xustiza Social e Coidados, de data 2 de abril de 2019, adoptada por delegación da Xunta de Goberno Local, pola que se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro destinadas

Área de Xustiza Social e Coidados
📁 105/2019/1298

a actividades ou proxectos de interese social (exercicio 2019), achégase a este anuncio copia da mesma para o seu coñecemento polas persoas interesadas.

INFORMASE ás persoas interesadas que de acordo co establecido na Base 10ª das Bases reguladoras desta convocatoria, o PRAZO de presentación de solicitudes é de UN MES, contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Entón este prazo de presentación será o comprendido entre o 10 de ABRIL (10.04.2019) e o 09 de MAIO (09.05.2019) do presente ano, ambos incluídos.

A Coruña, na data de sinatura dixital do documento.

A Xefa de Servizo de Acción Social